




PROXECTO ABEIRO

O PROXECTO ABEIRO foi unha iniciativa promovida pola Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, que contou cunha axuda económica con cargo á Subvención Global do Fondo Social europeo e tivo unha duración de 1 ano (marzo 2003-marzo 2004). A súa finalidade foi:

- Elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de mulleres desempregadas (en número aproximado de 130) nos campos de auxiliar de axuda a domicilio e auxiliar de saúde mental; así como formar e acompañar no deseño e posta en marcha de proxectos empresariais.
- Dinamizar e reforzar os servizos, que actualmente se prestan a estes dous colectivos con especiais necesidades (maiores e enfermos mentais) no Concello de Vigo.

O seguinte esquema amosa unha visión global das principais accións do proxecto:



De esta maneira, as principais accións desenvolvidas foron:

Entrevistas profesionais:

O equipo de orientadores/as realizou un total de 331 entrevistas de carácter individual durante os meses de maio e xuño para seleccionar ás participantes do proxecto. Con estas entrevistas pretendíase determinar o perfil profesional das candidatas e a súa adecuación ó proxecto.

Preformación en habilidades sociais e xerenciais:

Previa á formación profesional o proxecto contemplou un módulo de habilidades sociais, no que se traballaron temas como: análise de expectativas, autoestima, comunicación, asertividade, estilos comportamentais, crítica,... co obxectivo de adquirir e mellorar estratexias de comunicación, autoestima e desenvolvemento persoal cara o emprego así como fomentar a cohesión grupal, a participación e a integración no proxecto.

No caso do itinerario 1 o módulo de habilidades sociais estivo enfocado á función xerencial e nel se traballaron aspectos como: planificación e xestión do tempo, o equipo de traballo, técnicas eficaces de comunicación, métodos de resolución de problemas,...

Creación de empresas:

O itinerario 1 do proxecto, dirixido a apoiar o deseño e posta en marcha de proxectos empresariais relacionados coa atención a persoas, contemplou unha formación en Creación de empresas. Nel participaron un total de 10 alumnas, e os módulos que se traballan ao longo das 210 horas de duración foron: a idea de negocio, o emprendedor, o plan de empresa, tipos de empresa, trámites de posta en marcha, a fiscalidade da empresa, entre outros.

Posteriormente á formación titorizaronse os proxectos empresariais ata a súa posta en marcha.

Formación profesional e/ou especialización:

A formación profesional do proxecto centrouse en:

ITINERARIO I: Formación en creación de empresas.

ITINERARIO II: Formación en auxiliar de axuda a domicilio e auxiliar de servizos comunitarios: saúde mental, discapacidade e terceira idade.

ITINERARIO III: Formación especializada no ámbito da terceira idade e/ou saúde mental e/ou xestión empresarial. Os cursos a desenvolver neste itinerario foron:

- * Coidados paliativos.
- * Mobilizacións de pacientes e ximnasia pasiva.
- * Servizos comunitarios en saúde mental e discapacidades.
- * Demencias e Alzheimer.
- * Lecer e tempo libre.
- * Xestión empresarial.



Prácticas profesionais en empresas ou entidades relacionadas con colectivo de atención.

As prácticas profesionais permitiron un contacto laboral das alumnas do proxecto co sector no que pretenden inserirse e fomentar pautas de traballo necesarias para unha boa execución do traballo. Tiveron unha duración, no caso do itinerario 2, de 300 horas e, no itinerario 3, de entre 40 e 50 horas.

Estas prácticas desenvolvéronse nos centros da rede de colaboradores do proxecto, cos que se asinaron os oportunos acordos ou convenios de colaboración. Estas entidades foron:

- **ASPANAEX:** Asociación Protectora de Minusválidos Psíquicos da provincia de Pontevedra.
- **Fundación Menela.**
- **Residencia Moledo.**
- **Residencia Angélicas.**
- **Residencia da terceira idade Alvi-Beade.**
- **Unidade de día de Demencias e Alzheimer ALZ-DEM.**
- **Residencia Virgen de Guadalupe.**
- **Asociación de padres de Minusválidos de la provincia de Pontevedra APAMP.**
- **Residencia Asistida de Maiores.**
- **Centro de educación especial Hoy por Mañana.**
- **Colexio Público de Educación Especial Saladino Cortizo.**
- **AFAGA:** Asociación de familiares de Alzheimer y otras demencias de Galicia.
- **Clínica Fátima.**
- **CAMP de Chapela.**
- **Hospital de Cruz Vermella.**
- **Servicio de Axuda a domicilio de Cruz Vermella.**
- **Centro de día de Cruz Vermella.**
- **Asociación de axuda o enfermo psíquico Doa.**
- **Euroresidencias.**
- **Hospital Nicolás Peña.**
- **Vivenda Comunitaria Nadir.**
- **Residencia do Maior.**
- **Clínica Residencia El Pinar.**
- **Complexo hospitalario Universitario Xeral-Cies.**



Durante as prácticas as alumnas rotaron e coñeceron os diferentes tipos de centros relacionados coa atención a maiores, discapacitados e enfermos mentais á vez que teñen a oportunidade de aprender e asumir as funcións e actividades que implica ser cuidadora.

Para o seguimento de esta fase o proxecto contou con titoras que apoiaron tecnicamente ás alumnas, controlaron o nivel de asistencia e avaliaron o desenvolvemento das prácticas.

Módulos de motivación empresarial e sensibilización ambiental.

Os módulos de **motivación empresarial**, cunha duración de 12 horas cada un, pretenderon dar a coñecer as esixencias e principios que debe aceptar unha persoa que desexa iniciar un proxecto empresarial.

Os módulos de **sensibilización ambiental**, de 9 horas de duración cada un, pretenderon conseguir o desenvolvemento de unha conciencia ambiental das futuras traballadoras e fomentar un cambio de actitude medioambiental que desemboque nun contorno máis limpo e unha maior calidade de vida.

Información individualizada del mercado de trabajo (plan de busca de emprego).

O obxectivo de esta acción foi facilitar información e ferramentas adaptadas ao perfil profesional das persoas para unha busca de emprego por conta allea, no sector de atención ás persoas.

Esta acción, desenvolta polo equipo de orientación, tivo dúas partes:

unha continuada ao longo do proxecto a través de **titorías individualizadas** onde se traballan diversos aspectos de busca de emprego activa e outra máis concreta a través de cursos de **técnicas de busca de emprego**, cunha duración de 25 horas, onde se traballan aspectos específicos do proceso (currículo vitae, entrevistas de selección, cartas de presentación, etc.).